

# As 4 aldeas

Número 82

Agosto 2022



## CORENTA ANIVERSARIO

40 aniversario SCRD Fillos de Ois

Novas do Bar

Renovación da Xunta Directiva


Convocatoria de Asemblea Xeral

Festa do socio

Corenta aniversario



*Castelo de Teodomiro. Sillares da muralla.*



Las obras de restauración costaron tres millones

### El nuevo edificio de la sociedad «Fillos de Ois» se inaugura hoy

Betanzos (Corresponsal, Ayán). Hoy, viernes, a las ocho y rado, el cual debido a su abandono venía ofreciendo un estado

O castelo de Teodomiro

Historias de Coirós. A desamortización en Coirós I. Bens de propios.

Acto do día das Letras Galegas

Festa do Verán

## As 4 aldeas

As 4 aldeas é a revista da Sociedade cultural, recreativa e deportiva Fillos de Ois. Con esta cabeceira naceu en setembro de 1923 en Bos Aires, retomándose a súa edición en 1999.

### Edita:

S.C.R.D. Fillos de Ois  
Santa María de Ois  
Coirós 15316 A Coruña

### Correo electrónico:

fillosdeois@yahoo.es

### Páxina web:

www.fillosdeois.org

### Imprime:

Vazmar - Betanzos.  
Tlfo. 981 773 492

**Depósito Legal:** C2562-2012

A S.C.R.D. Fillos de Ois non se identifica necesariamente co contido dos artigos nin coas opinións dos seus autores.

Permítese a reprodución dos contidos publicados sempre que se cite a súa procedencia.



## Renovación da Xunta Directiva

Acórdase abrir o período de presentación de candidaturas, fixando como condicións das mesmas estar integradas por Socios ou Socias en situación de alta ou ben ter a condición de Beneficiarios maiores de idade e estar ao corrente no pago das cotas sociais.

O escrito de presentación deberá conter os datos persoais (nome, apelidos, D.N.I., Nº de Socio) e ir asinado por cada candidato. Fíxase como período para presentar candidaturas desde o día 24 de xullo de 2022 ao día 4 de agosto de 2022 (ambos incluídos) na oficina social, por correo postal ou por correo electrónico.

## 40 aniversario SCRD Fillos de Ois

Este ano a Sociedade chega ao seu 40 aniversario e é tempo de felicitarse e agradecer para, desta forma, reunir forzas e seguir andando o camiño, vendo que xa hai moito treito percorrido e puidémolo andar xuntos.

Trataremos de eludir a crise dos corenta, pero mesmo imos agradecerla se se quere presentar, para facer bo o dito de que as crises son oportunidades. Toca seguir camiñando sen deixar decaer o ánimo, aprendendo dos Fillos de Ois que nos precederon e sendo xenerosos no noso esforzo como eles nos ensinaron a ser.

O noso recoñecemento vai para todos os socios destes corenta anos e para todos os colaboradores e institucións que axudaron e axudan a facer máis lixeira a marcha. E a nosa esperanza

está nos máis novos, que vemos que se van incorporando e aos que animamos a seguir, para entre todos facer realidade iso tan escoitado nestes tempos de “crear sinerxias positivas”.

Despois destes dous últimos anos, onde a pandemia marcou o ritmo e obrigou a parar, imos agora a festexar e celebrar xuntos, aínda que coidándonos tamén... Sabemos que non podemos vivir sen aire e, cando o sabemos, agradecemos o respirar.

No meu nome e no de toda a Xunta Directiva da SCRD Fillos de Ois, grazas e felicidades.

*Antonia Quintián Sánchez.*

*Presidenta*



## NOVAS DO BAR

O día 1 de outubro remata o prazo do contrato de arrendamento do bar social, que se viña prorrogando automaticamente por períodos de un ano. Abrírase novo procedemento para o aluguer do local. Unha vez fixados o prazo de presentación de ofertas e o prego de condicións, serán anunciados polos medios habituais



## ACTIVIDADES PARA AGOSTO

### 5 DE AGOSTO

#### Asemblea Xeral Ordinaria

- Primeira convocatoria: 21,00 h.
- Segunda convocatoria: 21,30 h.
- Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación da acta anterior
- 2.- Balance económico
- 3.- Balance de xestión
- 4.- Renovación de Xunta Directiva
- 5.- Rogos e preguntas.

### 6 DE AGOSTO

#### Misa na honra de Socios e veciños

Ás 12,30 h. na igrexa parroquial.  
Misa en lembranza de tódolos Socios e veciños que xa non están connosco.

### EXCURSIÓN

Dende a Sociedade estase estudando a posibilidade de facer unha excursión a finais de agosto. No caso de que se fixese sería anunciada na web e mediante carteis e redes sociais.

### Festa do Socio

Hora: 14,30 h.

Lugar: pavillón polideportivo

Retirada de tickets: domingos 24 e 31 de xullo de 12,30 a 13,30 h. na oficina social (1º andar)

Os Socios e Beneficiarios, aínda sendo unha actividade gratuita, deberán retirar invitación para poder asistir. Tamén poderán retirar tiques de “Invitados” a 28 euros por adulto e 14 euros para menores de dez anos.

### Actuación musical: Trío Acordes.

*A Xunta Directiva pide a colaboración dos socios para que retiren a tempo as invitacións, facilitando así a organización da Festa.*

# CORENTA ANIVERSARIO



**Rehabilitase o edificio e volve a actividade educativa cunha aula de educación infantil, naquel momento Preescolar, que permitiu escolarizar aos nenos e nenas de 3 a 6 anos. Estivo en funcionamento durante 38 anos, ata xuño do ano 2021, data na que se trasladou ao novo centro de educación infantil en Pedrapartida.**

Manuel Fiaño Sánchez  
Miguel Gayoso Barreiro

A Sociedade Fillos de Ois chega este ano aos 40 anos de vida. Naceu en 1982 e veu a dar continuidade a “Hijos de Ois de Ayuda Mutua” de Buenos Aires que nacera na Arxentina en 1914. Os veciños de Ois emigrados en Arxentina agrupáranse para darse acubillo e axuda. Pero, a pesar da distancia, non se esqueceron das necesidades que nesta terra tiñan familiares e veciños. Ao igual que moitas outras asociacións de emigrantes, financiaron a construción dunha escola no seu lugar natal conscientes da importancia e valor da educación na vida das persoas.

Así no ano 1933 inaugúrase un edificio destinado a escola no lugar do Fontelo. Era o mestre da mesma Obdulio Vaquero quen salientaba no seu discurso inaugural: “En efecto; libres ya de aquella mazmorra sin aire, sin luz, sin sol, donde el espíritu se amilanaba ante el trabajo, y la salud de vuestros hijos y de vuestro maestro

peligraba en extremo y donde el esfuerzo había que centuplicarlo para obtener un minimun de resultados; libres ya de aquella mazmorra, digo, inauguramos hoy un local amplio, con aire, con luz, con sol, que es lo menos que puede pedirse, en que forzosamente ha de sentirse la alegría del trabajo con incalculables beneficios de todo orden para vuestros hijos.”

Nos anos sesenta do século pasado “Hijos de Ois” foi esmorecendo. A asociación tiña cada vez menos vida e a falta de renovación da Xunta Directiva anticipaba un previsible final. O edificio escolar en Ois estaba ao coidado de Andrés Pato Fachal que puxo todo o empeño no seu coidado para que se seguise a cumprir a función educativa coa que fora construído. Mesmo a mediados dos anos 60 barallouse a posibilidade da venda da escola, idea que finalmente foi desestimada entre outros motivos polo bo senso de Andrés Pato.



## Fiestas en Santa María de Ois

**Betanzos (Corresponsal).** La parroquia de Santa María de Ois, en el Ayuntamiento de Coirós, celebrará sus tradicionales fiestas patronales, en honor a Nuestra Señora, durante los próximos días 14 y 15. Aparte de los acostumbrados actos religiosos, tendrán lugar sendas verbenas que estarán amenizadas por los conjuntos musicales Troba y La Palma. En el aspecto deportivo cabe señalar, el encuentro de fútbol de máxima rivalidad local, que disputarán los conjuntos Santiago de Ois y Santa María de Ois, el día 14, a partir de las 7 de la tarde.

Como anticipo al comienzo de estos festejos, el día 13, sábado, será ofrecida una sardiñada gratuita, a las ocho de la tarde, organizada por la Sociedad Cultural Recreativa y Deportiva «Fillos de Ois».

*La Voz de Galicia, 12 de agosto de 1983*

No ano 1972 pecha a escola e os nenos e nenas da parroquia escolarízanse en Betanzos. Pasan os anos e ao quedar en desuso a edificación comezase a deteriorar a pesar do celo con que coidaba dela Andrés Pato.

En 1982 un grupo de veciños, encabezado por Gonzalo Tizón,



acorda retomar a idea coa que se edificou a escola nos anos 30 e así nace a Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva Fillos de Ois, filla e herdeira de “Hijos de Ois”. Rehabilitase o edificio e volve a actividade educativa cunha aula de educación infantil, naquel momento Preescolar, que permitiu escolarizar aos nenos e nenas de 3 a 6 anos. Estivo en funcionamento durante 38 anos, ata xuño do ano 2021, data na que se trasladou ao novo centro de educación infantil construído en Pedrapartida.



Pero ademais da escola créase unha biblioteca e comeza a funcionar o consultorio médico, que ata aquel momento tiña

lugar nunha taberna. Desde os seus inicios a Sociedade leva a cabo unha importante e ininterrompida actividade cultural, recreativa e deportiva; sendo unha das asociacións mais lonxevas da bisbarra.

No ano 1988 comeza a funcionar no baixo do edificio o Bar Social que se converteu no punto de encontro de socios e veciños. No local anexo ao Bar, habilitase un espazo no que teñen lugar diversos actos culturais, actividades asociativas e veciñais. Ademais, no recinto exterior constrúese un palco para celebración das festas e outro local anexo ao palco que se utilizou como asadoiro e agora é un almacén para enseres diversos para festas e celebracións.


En 1923 publicábase en Buenos Aires o primeiro número da revista “As 4 aldeas”, do que se conserva un exemplar xunto co número 3 publicado en 1925. Nesta publicación reflectíanse os acontecementos asociativos, artigos de opinión, reportaxes gráficos e diversas colaboracións. No ano 1999 renace a revista en Ois e desde ese momento publicanse 82 números que están accesibles na web:

<https://www.fillosdeois.org/revisita.htm>

Pero non só se publica a revista, ao longo destes anos foron varias as publicacións que editou a Sociedade e que moitas delas están dispoñibles a través da páxina web:

<https://www.fillosdeois.org/index.htm>

Ao igual que noutros ámbitos da sociedade, a pandemia afectou ao normal funcionamento da Sociedade por motivos de saúde pública. Pero a normalidade volve pouco a pouco e as actividades asociativas tamén. Hai poucas datas tiña lugar a



Las obras de restauración costaron tres millones

## El nuevo edificio de la sociedad «Fillos de Ois» se inaugura hoy

Betanzos (Corresponsal, Ayán). Hoy, viernes, a las ocho y media de la tarde, se procederá a la inauguración del edificio de la Sociedad Cultural Recreativa y Deportiva «Fillos de Ois», ubicado en la inmediata parroquia de Santa María de Ois, ayuntamiento de Coirós, después de las obras de restauración y acondicionamiento llevadas a cabo recientemente por un importe de más de 3.000.000 de pesetas.

A este acto inaugural asistirán las autoridades locales, contándose además con la actuación de la agrupación musical «Carlos Seijo» de Betanzos.

La sociedad «Fillos de Ois», inició su andadura el año 1982, siendo la continuación de la asociación «Hijos de Ois residentes en Buenos Aires», creada el 20 de diciembre de 1914, haciéndose cargo del inmueble ahora restaurado,

el cual debido a su abandono venía ofreciendo un estado ruinoso. Estas nuevas instalaciones están dotadas de amplios locales para escuela de párvulos, consultorio médico, biblioteca y zona recreativa. La actual junta directiva de la sociedad «Fillos de Ois», a la cual se debe la consecución de este importante logro, está formada así: presidente, Gonzalo Tizón Sánchez; vicepresidente, Francisco Pato Barros; secretario, José Brañas Vázquez; tesorero, Samuel Abad Sánchez; vicesecretario, Manuel Fiaño Sánchez; vocales, Eduardo García Guillín, Leonardo Espada Tizón, Antón Rosende Sánchez y José Luis Martínez Sánchez.

Entre las subvenciones recibidas en torno a esta realización, figuran las de la Xunta de Galicia, Gobierno Civil, Diputación provincial y Ayuntamiento de Coirós.

*La Voz de Galicia, 9 de agosto de 1985*

Festa do Verán que reuniu a un bo número de asociados.

Para agosto, despois de dous anos sen poder celebrala, terá lugar a Festa do Socio, un acto que vai reunir de novo aos socios, familiares e amigos para compartir eses momentos de lecer tan desexados.

A demografía é, tal vez, o principal factor que condiciona a evolución e porvir da nosa parroquia. Esta situación está a ter repercusión na masa social da Sociedade e no normal relevo

dos integrantes da Xunta Directiva, un dos principais problemas asociativos desde hai uns anos.

Son moitos os retos e desafíos que o futuro nos agardan e á Sociedade tamén. Pero seguro que entre todos os superaremos ao igual que nestes últimos 40 anos ou, tal vez deberíamos dicir, nos últimos 108 anos desde que "Hijos de Ois" naceu en Buenos Aires.



## La Sociedad Cultural y Recreativa «Fillos de Ois» de Coirós ultimó su programa de actividades de verano

La Coruña (Redacción). La junta directiva de la Sociedad Cultural, Recreativa y Deportiva «Fillos de Ois» de Coirós, ha ultimado el habitual programa de actividades de verano dirigido a sus asociados.

Además de un curso de iniciación en el idioma gallego, cuyo inicio tuvo lugar recientemente, en el programa se contempla una excursión de carácter cultural a las Rías Bajas que tendrá lugar el próximo sábado.

Para el día doce del mes de agosto está anunciada la séptima edición de la «Festa do Socio», en la que, entre otras cosas, se incluye una comidad de confraternidad y una verbena. Asimismo, está proyectado realizar, también en agosto, la «I Mostra do Libro», en la que se pondrán a la venta destacados títulos escritos en lengua gallega y castellana. Como actos complementarios a la exposición se han organizado conferencias a cargo de escritores gallegos, y la proyección de varias películas.

Dentro del terreno deportivo están programados campeonatos de baloncesto, de fútbol sala y de ping-pong, que se disputarán durante las fiestas patronales de la parroquia, a celebrar los días 14 y 15 de agosto.

Como en años anteriores, los tradicionales festejos cuentan con una interesante programación de actos y la presencia de las orquestas «Los Satélites» y «Nueva Tropical», que se encargarán de organizar las dos verbenas populares.

*La Voz de Galicia, 26 de julio de 1989*

## Fillos de Ois

La directiva de la Sociedad «Fillos de Ois» ha convocado a sus asociados a la asamblea general que se celebrará a las siete de esta tarde, con el siguiente orden del día: lectura y aprobación del acta anterior, balance económico anual, memoria de actividades, renovación de la junta directiva, proyectos de actuación y ruegos y preguntas.

Por otra parte, mañana, a partir de las cuatro de la tarde, Sus Majestades de Oriente visitarán Santa María de Ois, recibiendo en el local de la Sociedad a los niños que quieran extenderles sus peticiones.

La Cabalgata dará comienzo a las cuatro y media y discurrirá por Fontelo, Loureiros, Recebés, Xora y Castriellón, hasta llegar de nuevo al local social.

*La Voz de Galicia, 3 de xaneiro de 1987*

## La Sociedad «Fillos de Ois» ha programado viajes a Buenos Aires, Barcelona y Andorra

Betanzos (Corresponsal). La Sociedad Cultural «Fillos de Ois», de Coirós, tiene prácticamente ultimada la programación para el próximo verano, en la que destacan varios viajes, así como la tradicional «sardiñada de Xan Xoán», anunciada para el día 27 de junio.

En el capítulo de viajes figura uno a la Costa Brava, que incluye visitas a la Barcelona olímpica y a Andorra, que tendrá lugar entre los días 2 y 7 del próximo mes de julio.

Antes, el día 20 de junio, los asociados podrán participar en una excursión a la Costa da Morte, en la que visitarán Corme, Laxe y Camariñas.

La junta directiva de la Sociedad también prepara los últimos detalles de un viaje a Buenos Aires para el próximo otoño. Tendrá lugar en el mes de octubre y su duración, según las previsiones, será de quince días.

*La Voz de Galicia, 31 de maio de 1992*



# O CASTELO DE TEODOMIRO



A fortaleza, xunto con seu valor documental, é un monumento salientábel dentro da comarca, tendo en conta a escaseza deste tipo de fortificacións e a súa posición estratéxica, nun entorno ben conservado e significativo.

Antón Fernández Malde. Arqueólogo

## 1.-INTERESE DO ACHADO

Recentemente puidemos situar o emprazamento e confirmar a existencia do chamado Castelo de Teodomiro no Monte do Gato, no Coto da Ribeira (Castelo, Oza-Cesuras, A Coruña). A pesar da outrora localización imprecisa -unha zona onde historicamente conflúen os concellos de Aranga, Coirós e Oza-, avalado pola documentación histórica foi declarado Ben de Interese Cultural e incluído dentro do catálogo de bens do PXOM de Aranga para a súa protección. Porén non temos a certeza absoluta que fora construído por ese rei.

Non se trata da típica fortaleza de finais da Idade Media como o castelo da Mota (Ois) ou as diversas fortificacións dos Andrade (Nogueirosa, Naraío ou Moeche

p.e.). O castelo de Teodomiro é unha estrutura discreta: apenas está composto por unha muralla exterior e no centro un penedo regularizado.

Teodomiro foi un importante rei suevo do século VI, coñecido por mudar a antiga estruturación territorial de orixe romana para implantar o parroquial suevo. O seu reinado tamén destaca por outras accións: reunifica o reino, reconverte aos suevos ao catolicismo e potencia o comercio con Europa e o Mediterráneo. De igual modo, os elementos que articulan o territorio do castelo indican un carácter supracomarcal; non reducen a súa incidencia á comarca das Mariñas. Así por exemplo, a fortaleza ampara o camiño real que unía o porto da Coruña con Betanzos, Santaia de Curtis, Ciadella (campamento



romano reocupado polos suevos) e Lugo (antiga capital e diocese metropolitana sueva). O camiño que tomaron en 995 os vikingos para chegar a Santaia de Curtis.

No caso de tratarse dos tempos de Teodomiro, a abundosa toponimia que fai alusión a “castelo”, transcorridos 1500 anos, como recoñecimento social, indica a importancia que puido ter esta fortificación.

A fortaleza, xunto co seu valor documental, é un monumento salientábel dentro da comarca, tendo en conta a escaseza deste tipo de fortificacións e a súa posición estratéxica, nun entorno ben conservado e significativo. Non se pode considerar como algo menor; é un produto xenuíno da súa época, da capacidade construtiva naquel momento, e da estruturación e uso do territorio.

## 2.- DOCUMENTACIÓN SUXESTIVA PERO INCERTA

### Dúbidas dos primeiros investigadores

O denominado como castelo, torre de Teodomiro, ou Castrum



Feacium estivo “perdido” longo tempo. Con efecto, en 1892 Manuel Martínez Santiso daba conta da fortaleza pero tamén indicaba a ausencia de restos visíbeis, o cal levou en 1918 a Ángel del Castillo a dubidar da súa existencia. Porén en 1928, Uxío Carré Aldao insiste na existencia da fortaleza e sitúaa na parroquia de Fervenzas (Aranga).

### A documentación histórica; existencia con algúns problemas.

A noticia da existencia da fortaleza provén do Cronicón de Walfredo, segundo o cal o Rei Teodomiro da Suabia mandara construír unha fortaleza militar no "Monte Cato" coñecida como “Castrum Feacium”.

Un problema radica na fonte da noticia. O Cronicón de Walfredo supostamente é do século XI, posterior á construción da fortaleza. Este documento foi moi usado no século XVI por mencionar coñecidos santuarios da Costa da Morte que poderían ter unha orixe medieval.

A pesar de non saber cando foi redactado o Cronicón, os topónimos citados existen: Monte do Gato e Feás. Por tanto, como acontece con outros documentos, o documento pode basearse nalgúns feitos reais aínda que fora redixido posteriormente.

### 3.- FORTES INDICIOS

En 2021, aplicando novidosas técnicas de análise xeográfica, volveuse examinar a contorna do lugar denominado Castelo (Oza-Cesuras), topónimo que figura na cartografía española oficial. Por tanto un lugar real.

Así ten aparecido unha fortificación

típica da Alta Idade media, nas abas do Monte do Gato, no lugar de Castelo de Arriba, que consta dunha muralla elipsoidal e probablemente un corpo central.

### Os restos

Recinto fortificado cunha certa ovalada de 115 m. de lonxitude e 60 m. de anchura, cunha sección de un metro. A fábrica está constituída por sillares (non por cachotarías distintas en tamaño e forma) ben dispostos configurando paramentos facetados. No interior do recinto existe un corpo composto por un batólito granítico regularizado e/ou que ten sido obxecto de traballos canteiros.

No lado Este a cerca é rodeada por un valado de linde que aproveita a traza para apoiarse, o cal condicionada a configuración en ángulo do encerramento.

### 4.- TERRITORIO DA FORTIFICACIÓN.

Aplicando certas técnicas podemos achegarnos ao territorio do castelo, en tanto que existen pegadas obxectivas:

1. Un representado polo Val de Deus (río Miñatos), o que se ve principalmente desde a fortaleza.
2. O lugar de Campo de Cruz Xaneiro relacionado por proximidade e conexión vial con Castelo
3. Na zona que se espalla por Torre Lavandeira até Marco do Castelo, se ben non existe conexión visual directa, existen elementos relacionados coa fortificación, o cal indica o espallamento do seu territorio neste ámbito: Pódese realizar unha aproximación



Castelo de Teodomiro. Sillares da muralla.

obxectiva da seguinte maneira:

#### a) Toponimia, a semantización do territorio:

Segundo o Catastro entorno ao recinto fortificado existen tres concentracións toponímicas que aluden a “Castelo” ou “Torre”:

-O primeiro nas inmediacións do sitio arqueolóxico que denotan a súa existencia (lugar de Castelo, Monte de Castelo Arriba ou Chousa de Castelo). Estes topónimos espállanse entre 2,5 e 3 km ao longo do Monte do Gato nunha extensión de 295 ha.

O emprazamento dos topónimos está asociado con dúas vías culturais: o Camiño do Monte do Gato e o Camiño de Campo de Cruz Xaneiro.

- O segundo grupo sitúase entorno ao lugar de Torre Lavandeira nun círculo de 3,5 km de diámetro, nunha extensión de 235 ha. É un grupo homoxéneo desde un punto de vista etimolóxico (Torre Lavandeira, Braña da Torre, Alto da Torres, Revoltas da Torre ou As Torres).

O emprazamento dos topónimos coincide coa intersección do camiño que utiliza o val de Fervenzas (DP-0302) como corredor, conectando a estrada N-VI en Ois (Coirós) coas penichairas para logo dirixirse a Lugo.





- O terceiro grupo emprázase arredor de Marco do Castelo (entre Monte Salgueiro e Torre Lavandeira). Todos os topónimos fan mención a Castelo (Marco, Braña, Monte) e se atopan concentrados nunha área de 300-500 m de radio, nunha área de 135 ha.


Marco do Castelo non só actúa como linde entre parroquias, senón que se atopa á beira do camiño Real de Curtis, por tanto asociado a unha importante vía de comunicación que utiliza esas penichairas como corredor Norte-Sul.

b) Territorio e Mobilidade:  
interconexión dos tres grupos  
toponímicos:

A un nivel xeral, a área anexa ao castelo de Teodomiro atópase ligada e articulada polo chamado Camiño Real de Curtis e o camiño que descorre polo Monte do Gato. Estas vías ligan e interconectan os anteriores grupos toponímicos mencionados.

A un nivel específico, a pesar da consistencia dos grupos toponímicos e as implicacións do seu emprazamento, o territorio atópase seccionado por unha fractura tectónica do val de Fervenzas. O val presenta ladeiras con fortes pendentes que impeden o tránsito transversal, porén no curso alto existe un camiño tradicional que

descorría desde Samil (Rodeiro, Oza) até Marco do Castelo (Fervenzas, Aranga), poñendo en contacto o Monte do Gato co grupo de Castelo con Marco do Castelo cunha senda de apenas 3,5 km. Resulta moi interesante que o lugar onde se cruzan este camiño coa estrada DP-0302 (val de Fervenzas, precedente da N-6) reciba o nome de “O Cruceiro”. Desde alí o camiño do val de Fervenzas bifúrcase: un treito conecta co camiño histórico denominado Camiño Real ou Francés (que se dirixe a Teixeira); e outro moderno denominado “Camiño Paraños-A Castellana” que se dirixe á N-VI.



<sup>1</sup> GA15063066.

<sup>2</sup> “Historia de la Ciudad de Betanzos”.

<sup>3</sup> “Geografía General del Reino de Galicia”.

<sup>4</sup> Pena Sueiro, N; (2011): “Algunas consideraciones sobre el itinerario y la difusión de la literatura informativa en el Siglo de Oro, con el ejemplo de una relación de milagros”. Artífara, 11, Contribuciones; px. 45-54.

<sup>5</sup> SINGUL, F; (2008): “La costa del fin del mundo en la cosmovisión jacobea y la devoción mariana: la peregrinación a Padrón, Fisterra y Muxía”. Ad Limina, 9; px 61-107.

<sup>6</sup> Véxase o caso do Mosteiro de San Salvador de Cis (Oza) en LÓPEZ SANGIL, J.M; (2001): “La fundación del monasterio de san Salvador de Cines”. Anuario Brigantino, 24; px 139-156.

<sup>7</sup> Os tres grupos son coherentes quer etimoloxicamente, quer por proximidade espacial segundo a análise do logaritmo K-Mean.

<sup>8</sup> A modo de satélites, a unha distancia aproximada de 2 km sitúanse tres topónimos: A Torre Vella en alusión ao castro de Fervenzas, Torre a carón da lagoa da Carballoa e por último Torre na Braña de Porto Moeiro/As Cotorras

<sup>9</sup> Consultar: FERNANDEZ MALDE, A.; (2012): “Novas pontes históricas sobre os ríos Deo e Mandeo”. A Xanela, Revista Cultural das Mariñas; px. 23-25. (2011-2013): A via Per Loca Marítima ao seu paso polo territorio Mariñas – Betanzos. Edita: Asociación de Desenvolvemento Rural «Mariñas-Betanzos». 73 pp.

<sup>10</sup> Un treito dun camiño xeral que se dirixía a Santiago desde Aranga pasando por Mesía.



# A DESAMORTIZACIÓN EN COIRÓS (I)

## Bens de Propios

**Las parroquias de su compuesto nombradas Santa Marina de Lesa, Santiago de Oys, S<sup>ta</sup> María de Oys, S<sup>n</sup> Salvador de Collantres y esta de S<sup>n</sup> Julián de Coyros despues de la construcción de la nueva carretera General construyeron a sus espensas cada una su casa con destino al servicio publico**

Manuel Fiaño Sánchez

### Introdución

Desde finais do século XVIII ata principios do XX, levouse a cabo en España un proceso de nacionalización de bens que estaban fundamentalmente en mans de comunidades relixiosas, de concellos e doutras institucións. Era o que se denominaban bens de «mans mortas». Eses bens, unha vez nacionalizados foron postos á venda en poxa pública, co obxecto de achegar recursos ás arcas do Estado. Ese proceso de nacionalización e venda recibiu o nome de «desamortización».

Foron varios os procesos desamortizadores que tiveron lugar neste país, aínda que as desamortizacións máis importantes serían as de Mendizabal (1836-1844), na que se puxeron á venda máis do 60% do patrimonio da Igrexa co fin de facer fronte ás débedas causadas polas guerras carlistas, e a de Madoz (1855-1924), na que se poñerían a venda os bens de propios e comúns dos concellos co fin de recadar fondos cos que amortizar a débeda pública e para a expansión dos ferrocarrís e dos camiños.

Nesta última etapa desamortizadora, a «Ley General de Desamortización» de 1 de maio de 1855 declaraba en venda todos as fincas, rústicas e urbanas, pertencentes a propios e comúns dos pobos, exceptuando da mesma os montes que foran de

aproveitamento común, propiedade das comunidades respectivas e de aproveitamento colectivo.

### A venda das casas públicas de Coirós

Antes da posta en marcha dos novos concellos en 1836 e despois de que se construíra a nova estrada a Castela a finais do século XVIII, as parroquias de Santa Mariña de Lesa, Santiago de Ois, Santa María de Ois, San Salvador de Colantres e San Xulián de Coirós, construíron, á súa costa, cada unha delas unha casa con destino ao servizo público, co fin de que os abastecedores puidesen establecer «*paradas*» públicas e vender nelas viño ao por menor. Os produtos xerados polo arrendamento destas casas eran aplicados ao pago de gastos e contribucións comúns dos veciños de cada unha desas parroquias. Eran bens de tipo comunal. A partir de 1836 esas casas públicas pasarán a ser xestionadas polos novos concellos e o seu produto servirá para sufragar as cargas municipais. Será o propio concello quen sacará a poxa pública o seu arrendamento anual. Así se deixaba constancia das mesmas na acta da sesión que celebra a Corporación municipal o día 20 de decembro de 1836

*«las parroquias de su compuesto nombradas Santa Marina de Lesa, Santiago de Oys, Sta María de Oys, Sn Salvador de Collantres y esta de Sn Julian de Coyros*

*Despues de la construccion de la nueva carretera General, construyeron a sus espensas cada una su casa con destino al servicio publico y con el eufeto de que en ellas los abastecedores pudiesen establecer paradas asim<sup>o</sup> publicas y bender en ellas bino al por menor aplicando sus productos al pago de Gastos y Contribuciones asi rreales como becinales»*

Estas casas públicas que antes de 1836 eran «*Bienes comunales*» de cada unha das parroquias, pasarán a ser «*Bienes de Propios*», bens propiedade do concello que non estaban destinados a usos veciñais senón que se arrendaban para que produciran ingresos as arcas municipais. Tódolos anos se sacaba o seu arrendamento a poxa pública entre os veciños do propio concello.

Segundo recolle a acta da sesión celebrada pola Corporación o 30 de outubro de 1837

*«Acordó que se saquen dichas casas públicas de este Cantón en arrendamiento en favor del más ventajoso postor o postores por lo perteneciente a todo el año venidero de mil ochocientos treinta y ocho [...] Asi mismo acuerdan que bajo las mismas bases que las casas públicas se arrienden asi mismo las octavillas y blanquillas o cualquier ramo que pertenezca a las casas públicas o a otros vendedores de vino al por menor en este distrito debiendo tener*

*presente siempre que no se admitirá puja en la octavilla que no sea por arriba o mayor valor de la en que están ya las casas públicas o en la misma cantidad»*


No ano 1854 as cinco casas públicas coas que contaba o concello foran arrendadas ao veciño de Santa María de Ois, Francisco Brañas, pola cantidade de douscentos reais.

A lei desamortizadora de Madoz de 1 de maio de 1855 dispoñía que do produto total da venda dos bens de propios o 80% pertencía aos pobos e o 20% correspondía ao Estado. A parte correspondente aos pobos propietarios deses bens podería ser investida en obras públicas que solicitara o propio concello. Así, o 6 de xuño de 1855 o gobernador civil remitía unha Circular a tódolos concellos para que indicaran como querían investir os fondos procedentes da venda deses bens. Chegado o mes de setembro, o concello de Coirós aínda non tiña enviado ao gobernador a relación de bens de propios comprendidos na lei desamortizadora, polo que a autoridade gubernativa concedía un prazo improrrogable de seis días para a súa remisión, baixo apercibimento de multa de cincocentos reais.

Na sesión que celebra a Corporación o día 6 de outubro de 1855 vaise solicitar a inversión da venda dos bens na construción dun edificio para o concello

*«teniendo presente que esta municipalidad no cuenta con casa para celebrar sus sesiones por cuya falta estuvo pagando el inquilinato por renta, con el fin de evitar este gravamen de tanta consideraon para el Distrito, y siendo de necesidad extrema la construcción de una Casa para celebrar sus Sesiones, acojiendose al privilegio que se concede por el indicada real decreto e instrucción a las municipalidades acuerda: se reclame del Sr Gobernador de la Provincia la cantidad necesaria para dho edificio por cuenta del producto que resulte en venta de las casas y huertas pertenecientes a propios de esta municipalidad»*

Non tería éxito esta petición, pois aínda en 1869 o concello vai seguir ocupando casa allea propiedade do veciño Pedro Sánchez Tomé pola que paga de aluguer catorce escudos anuais.



En xullo de 1859 a corporación nomea a Francisco Rivas, de san Pedro de Oza como perito para que, xunto con José Folla perito nomeado polo gobernador civil, fagan a taxación dos bens de propios. Segundo a corporación no concello tan só existen

*«cuatro casetas terreñas y sin servicio alguno en el día por hallarse derrotadas de sus techos y paredes y estas pertenecen en propiedad una de los vecinos de la parroquia de Ois, otra a los de Lesa, otra a los Coirós y otra a los de Colantres y las que construyeron ya de antiguo para el servicio de dichos fines aunque estas casas se administraban por el Ayuntamiento cuando vendían vino algunos años en ellas siempre fue con anuencia de los vecinos de dichas parroquias porque sus productos aunque pocos eran tomados a menos repartir en los impuestos y cargos municipales pero como propiedad de ellos mismos puedan disponer de aquellas cuando les parezca»*

Polo tanto, a corporación considera que estas casas non deberan poñerse á venda como bens de propios. Desaparece nesta relación a pertencente á parroquia de Santiago de Ois da que se daba

conta en decembro de 1836.

Non obstante a anterior descrición de abandono contrasta co acordo adoptado pola propia corporación o 23 de marzo de 1860

*«se tomó en consideración de que no habiéndose resuelto por el Gobierno de la Provincia sobre la venta y enajenación de las casas de tabernas de este Distrito que para el efecto fueron tasadas por los peritos nombrados y mirando que dichas casas siempre fueron arrendadas para ayuda del presupuesto municipal la corporación acuerda se proceda a la publicación por los medios que están en costumbre formándose pliego de condiciones con la obligación de dejarlas a disposición del Estado cuando este acordase y llevase a efecto»*

Máis tarde, xa en marzo de 1865, efectuábase diante do escribán de Betanzos, don Juan Arines Montenegro, o remate de tres casas procedentes de bens de propios do concello de Coirós. As taxacións das mesmas foran realizadas polos Peritos agrimensores, Antonio Naveira López, de Betanzos, e Antonio Fandiño López, de Santa María de Ois, o primeiro deles nomeado como representante de bens nacionais na provincia da



Coruña, e o segundo nomeado polo concello de Coirós.

Así se describían nas actas de remate:

«Una casa sita en los Chaos de Coirós, parroquia de San Julián del mismo nombre, perteneciente a los propios del Ayuntamiento mencionado, compuesta tan solo de su fundo y cubierta de madera y teja. A la parte del norte tiene los formales de un alpendre con un retacito de salido a inculto, y a su frontis una pieza de huerta, todo ello de un ferrado, ygual a cuatro áreas y treinta y seis centiáreas. Linda Este con la Carretera real de Castilla y casa de Juan Crespo, S. y O. otra casa de Francisco Marcote, camino de carro en medio que sigue a la indicada carretera»

Foi taxada en 1.060 reais e adxudicada ao veciño de San Salvador de Bergondo, José Fernández, en 2.850 reais.

«Otra casa que fue taberna sita en San Salvador de Collantres, perteneciente a los propios del Ayuntamiento de Coirós, cubierta de alguna madera y teja y unido a la parte del N. los formales de un

alpendre; se halla sin puertas ni ventanas y toda deteriorada. Ocupa una extensión superficial con inclusión del espesor de sus paredes de ciento diez baras cuadradas. Linda al E. Carretera real de Castilla y un terreno del Excmo. Sr. Dn José Arias Uria. Capitalizada por la renta anual de ocho reales que le señalaron los Peritos en ciento cuarenta y cuatro reales y tasada en ciento sesenta reales por cuya cantidad sale a subasta»

Esta sería adxudicada ao veciño de Santiago de Ois, Silvestre Golpe, pola cantidade de 610 reais.

«Otra casa que fue taberna al sitio que nombran da Lapela, parroquia de Santa María de Lesa, perteneciente a los propios de dicho Ayuntamiento de Coirós compuesta tan solo de su fundo con un alpendre por su E. descubierto en su mayor parte de madera y teja y dividida por una pared medianil. Ocupa todo ello una superficie de sesenta y dos metros y ochenta y dos centímetros. Linda al E. con la carretera real de Castilla y más aires casa y terreno de Juan Fernández; una huerta en el mismo

sitio que tiene de cavida un tercio de ferrado, igual a una área y cuarenta y cinco centiáreas. Linda E. labradío de D<sup>a</sup> Carmen Espiñeira; N. y S. D<sup>n</sup> Andrés Santaya y Oeste la dicha carretera. Fue capitalizada por la renta anual de cuarenta y siete reales que le señalaron los peritos en ochocientos cuarenta reales y tasada en mil ciento cuarenta reales por cuya cantidad sale a subasta»

Esta casa foi adxudicada tamén ao veciño de Santiago de Ois, Silvestre Golpe, pola cantidade de 2.610 reais.

Analizando a documentación coa que contamos pódese observar que en 1836 o concello da constancia de cinco casas públicas, pertencentes cada unha delas ás parroquias de Colantres, Coirós, Lesa, Santa María de Ois e Santiago de Ois (Acta de 20.12.1836). En 1859 relaciónanse só catro «casetas terreñas» (Acta 24.07.1859) e, por último, en 1865 só hai constancia da venda de tres delas: as de Colantres, Coirós e Lesa (Arquivo do Reino de Galicia).

## ACTO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas dedicado este ano 2022 ao escritor Florencio Delgado Gurriarán. Unha exposición de carteis, instalada no local de usos múltiples, ofreceu unha aproximación á vida e obra do autor homenaxeado.

A Presidenta da Sociedade dirixiuse aos asistentes valorando a importancia da data. Ademais, fixo a presentación do libro “Coirós a través da prensa 1853-1982”, editado pola SCRD Fillos de Ois cunha axuda da Deputación Provincial da Coruña. Os autores da publicación, os socios Manuel Fiaño e Miguel Gayoso, non puideron asistir ao acto debido á situación pandémica.



## FESTA DO VERÁN

A Festa do Verán tivo lugar o sábado 2 de xullo. Despois das restricións ocasionadas pola situación sanitaria, os asociados xa tiñan ganas de festa despois de tanto tempo sen poder reunirse nen compartir mesa e mantel.

O xantar contou cun menú axeitado á ocasión: empanada, ensaladilla, callos, tenreira asada, postre, café con gotas, pan, viño, gaseosa, auga e refrescos.

A sobremesa alongouse toda a tarde e estivo amenizada polo trío Acordes.

|                                                                                                                                       |                                                                                                              |                                                                                                                                     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>LUNAS DE AUTOMÓVILES</p> <p>MECÁNICA CHAPA Y PINTURA</p> <p>LÍNEA PRE-I.T.V. ELECTRICIDAD</p> <p>CONVENIO COMPAÑÍAS DE SEGUROS</p> |  <p>TALLERES<br/>CORUÑA</p> | <p>C/ Pérez Cepeda, 12<br/>15004 A CORUÑA<br/>Tlf./Fax 981 141 435</p> <p>RAPIDEZ, SERIEDAD Y GARANTÍA<br/>EN NUESTROS TRABAJOS</p> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                   |                                                                                                                                                                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | <p>María Fé Rubal - Ramón Rubal</p> <p>Brea, s/n. Guísamo<br/>Bergondo 15165 A Coruña</p> <p>Tel 981 796 608. Tel.Fax: 981 795 736<br/>e-mail: inpape@entorno.es</p> |
|-----------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Manuel Vázquez Varela</p> <p><b>MADERAS CHELO</b></p> <p>Parada, 2. Santa María de Ois<br/>15316 Coirós (A Coruña)<br/>Tlfno. 981 796 059</p> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                   |                                                                                                            |
|-----------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | <p>OPTICA Brigantium</p> <p>Avda. Jesús García Naveira, 15<br/>15300 Betanzos</p> <p>Telf. 981 770 152</p> |
|-----------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                                                                           |                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|
|  <p>LAVANDERÍA INDUSTRIAL<br/><b>LAS CAMELIAS</b></p> <p>Tlfno: 981.79.62.30<br/>Móvil: 646.12.21.05</p> | <p>Figueiras, 43<br/>15316 Coirós</p> <p>Email: lav_lascamelias@hotmail.com</p> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                                                                                 |                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
|  <p>Pintura y Decoración<br/><i>Julio Platas</i></p> <p>Santiago de Ois, nº 59<br/>15316 Coirós (A Coruña)</p> | <p>Tel. 981 79 81 10<br/>Móvil 699 45 12 47</p> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|

|                                                                                                         |                                                                                                                                                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>CONSTRUCCIONES</p> <p><b>Platas Rocha</b></p> <p>Santiago de Ois, 18<br/>15316 COIRÓS (A Coruña)</p> |  <p>Tlf. móvil 630 87 34 66<br/>Tlfs. 981 79 83 56 - 981 79 63 62</p> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                                         |                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
|  <p><b>Espectáculos<br/>HENRIQUE</b></p> <p>ORQUESTAS E CONXUNTOS</p> | <p>Tel.: 981 77 43 30<br/>MÓBIL: 659 666 000</p> <p>15319 BETANZOS</p> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                                                                                                                                   |                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
|  <p><b>AGRO-PESCA RAFA</b><br/>COMERCIAL AGRICOLA</p> <p>ABONOS 981 796 645<br/>PIENSOS 628 800 786<br/>SEMILLAS</p> <p>Queirís, 63. 15136 COIRÓS (A Coruña)</p> | <p>PESCA<br/>PLANTAS<br/>JARDINERIA</p> <p>agropescarafa@gmail.com</p> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|

|                                                        |                                                                                                                       |
|--------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>TOCHO</b></p> <p>Profesionales a su servicio</p> | <p>Telf. 981 770 515</p> <p>BETANZOS - A CORUÑA</p> <p>Pinturas - Puertas - Ferretería<br/>Alquiler de Maquinaria</p> |
|--------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|               |                                                            |               |
|---------------|------------------------------------------------------------|---------------|
| <p>COIRÓS</p> | <p><b>MARTA PAZ</b><br/><b>TAXI</b></p> <p>657.252.044</p> | <p>LIC. 4</p> |
|---------------|------------------------------------------------------------|---------------|

|                                                                                                                                                                                                 |                            |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|
|  <p><b>Cervecería Vázquez</b><br/>saavedra meneses betanzos</p> <p>Saavedra Meneses, 62 - 15300 Betanzos</p> | <p>Tlfno. 981 77 26 02</p> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  <p><b>CLÍNICA DENTAL PARDELLAS</b></p> <p>Tratamiento integral da túa boca coa última tecnoloxía<br/>Especialistas en cirurxía, implantes, prótesis e estética dental.<br/>Arreglo de rotura de prótesis nunha hora. Financiación a medida e sen intereses.<br/>Rúa Caneiros nº 3 baixo dereita, Betanzos<br/>Pida a súa cita no 981 77 13 26 ou en <a href="http://www.clinicapardellas.com">www.clinicapardellas.com</a></p> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                             |                                                                                                                                                                                                                                                |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Destinatario</p> <div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div> | <p>Remite</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px;">  <p>S.C.R.D. FILLOS DE OIS<br/>Santa María de Ois<br/>Coirós 15316 A Coruña</p> </div> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|